



## FICHA RESUME

PE 403A 2008/ 65-5

<b>Ano</b>	2009
<b>Entidade</b>	PLAN CONXUNTO DAS CONFRARIAS DE BUEU, PORTONOVO E ALDÁN
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN CONXUNTO DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	ZONA LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa bicuda ( <i>V.aurea</i> ), ameixa rubia ( <i>V.rhomboides</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), carneiro ( <i>V.verrucosa</i> ), reloxo ( <i>D. exoleta</i> ), cornicha ( <i>S.solidus</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), ameixon ( <i>C.chione</i> ), rabioso ( <i>G.glycimeris</i> ) e saltón ( <i>L.norvegicum</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	De Punta Cabicastro a Punta Santa Mariña, da esquina noroeste do convento sito en punta Praceres ata praia Alada, Illas Ons e Onza.  A inclusión na zona de traballo das Illas Ons e Onza estará condicionada ao informe do Parque Nacional das Illas Atlánticas.
<b>Subzonas de explotación</b>	Area 1 (ALDÁN): de Cabo Udra a praia Alada. Area 2 (MOURISCA): de Cabo Udra a esquina leste do porto de Bueu. Area 3 (PESCADOIRA): da esquina oeste do Porto de Bueu ata Punta Aguite. Area 4 (MARÍN): de Punta Aguite á Punta Placeres (esquina noroeste do convento). Area 5 (PORTONOVO): de Punta Cabicastro a Punta Santa Mariña. Area 6: (ONS): Illas de Ons e Onza.

## Participantes no plan de explotación

<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	57	
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

## Calendario de explotación

<b>Días máximos de extracción</b>	210										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : de xaneiro a abril e de xullo a decembro, cunha veda de dous meses en maio e xuño.											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: dende embarcación</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X			X	X	X	X	X	X
z.4	z.5	z.6	z.1			z.3	z.2	z.5	z.1	z.3	z.2

Topes de captura:





### **Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

Con respecto á **zona de traballo**: No plan presentado inclúese, novamente, a zona de explotación de praia Alada a Punta Couso. Trátase dunha zona de libre marisqueo que non estaba incluída en ningún dos plans que se presentaban por separado ata o ano 2007. A Dirección Xeral de Recursos Mariños estimou, para os plans presentados para os anos 2007 e 2008, que a ampliación da zona de traballo de praia Alada a Punta Couso quedaría pendente da presentación dunha avaliación biolóxica. Varias das condicións do plan do ano 2008 foron recorridas polas entidades, incluído a ampliación do ámbito, se embargo o recurso de reposición contra a Orde de 26.12.2007 foi desestimado pola Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos. Como en data actual dita avaliación non foi presentada, non se considera axeitado a proposta de ampliación presentada.

Visto o exposto, reitérase que **a ampliación da zona de traballo de praia de Alada a punta Couso, estaría condicionada á presentación dunha avaliación biolóxica sobre os recursos explotables existentes nese área.**

Os obxectivos de produción son axeitados para as especies principais (ameixa rubia, ameixa babosa e ameixa fina), pero se consideran elevados para as restantes.

No punto de control deberá efectuarse unha comprobación dos tamaños regulamentarios e dos topes de captura.

Se o colectivo pretende reducir a zona autorizada é conveniente que na apertura mensual é se reflecta tal situación, para o cal deberán solicitar a modificación de zona á Delegación Territorial.

O control de depredadores mediante o emprego de nasas deberá ser autorizado pola delegación territorial. O emprego de nasas para labores de semicultivo respetará o horario establecido no artigo 60º.2 do decreto 424/1993, ademais serán balizadas mediante boias que indicarán de forma visible a entidade á que pertencen e o tipo de acción que están a realizar (control de depredadores). As capturas incidentais de especies distintas aos depredadores serán devoltas ao mar inmediatamente despois de ser capturados

Con respecto ao apartado de normas do plan de explotación, recoméndase que o colectivo revise coa axente de extensión o procedemento sancionador que se describe no plan antes da súa aplicación.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Deberán presentar a aprobación do plan polos órganos de goberno competentes da confraría de Portonovo, así como das agrupacións sectoriais de marisqueo a flote de de Aldán e Bueu. Esta documentación foi requirida a tódalas entidades en data 4.11.2008, sen que no momento



da elaboración desta ficha se subsanansen todas as deficiencias.

Recomendacións técnicas para a mellora do plan: Nun plan de explotación cun ámbito tan amplo para coñecer o estado do recurso son necesarios mostraxes de bancos, datos de extracción de cada unha das áreas e seguemento das tallas de captura:

a) Para coñecer a CPUE é imprescindible ter datos de: data de extracción e data de venda, zona de traballo, identificación do barco e nº de tripulantes, cantidade extraída no punto de control e cantidade vendida, así como o prezo en primeira venda. Dende o inicio do plan no ano 2002 dispónse do listado completo dos datos de extracción, o que permite calcular o estado da CPUE en cada unha das zonas e planificar unha explotación racional. Sen embargo para a avaliación do presente plan foi necesario basearse en datos do ano 2007, por non dispor de datos do ano 2008, a pesares de que a asistencia media á pesquería das embarcacións no presente ano foi de 7,20 barcos/día.

b) Con respecto ás mostraxes, no plan de explotación figura a súa realización pero non se emite ningún informe completo sobre as mesmas. Lembrese cun informe sobre mostraxes debe constar de introducción (descripción da zona, superficie, tipo de sustrato, etc.), material e métodos cun plano do banco e o emprazamento das estacións de mostraxe, resultados (densidade das especies, peso, distribución de tallas e proporción de exemplares de tamaño legal) e conclusións (valoración da produción estimada a curto e medio prazo).

c) Realizar un seguemento quincenal das tallas de captura en lonxa. No ano 2008 só se fixeron 2 controis e 4 no ano 2007.

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS. Dentro do ámbito do Parque (Área 6) non se pode aumentar o esforzo pesqueiro con respecto ó de 2008. Polo tanto, deberán permanecer fixos (os mesmos que en 2008) o número de embarcacións, o de mariscadores, o número de días de explotación no ano e os cupos de captura.

Prohíbese a extracción nas zonas de mæerl (estas zonas recóllense no mapa adxunto).

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15....

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración